

**SESIÓN EXTRAORDINARIA ORGANIZATIVA DO PLENO DA CORPORACIÓN
do 9 de XULLO de 2015**

ACTA Nº 11/2015

Na Casa do Concello de Muros, ás vinte e unha horas do día nove de xullo do ano dous mil quince, reúnese o Pleno da corporación en primeira convocatoria da sesión extraordinaria.

PERSOAS ASISTENTES

Alcaldesa: D^a María Xosé Alfonso Torres

Concelleiros/as:

D. José Manuel Quintela Fernández
D. José Antonio Uhía Martínez
D^a María Inés Monteagudo Romero
D. José Vázquez Rama
D^a Alianza Uhía Patiño
D. José Ángel Hermida Simil
D^a Caridad González Cerviño
D^a Sandra Maneiro Pais
D. Enrique Riomayor Caamaño
D. Manuel Bartolomé Freire Eiras
D. Manuel María García Fernández
D^a Paula Simal Mayo

Secretario: Luís Alberto Gil García, que dou fe do acto.

ORDE DO DÍA

- 1.- CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**
 - 2.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE MUROS.**
 - 3.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS.**
 - 4.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO.**
 - 5.- APROBAÇÃO DO RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN.**
 - 6.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.**
 - 7.- DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS POLA ALCALDÍA.**
-

1.- CONSTITUCIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar inicio á sesión plenaria e tras dar lectura á proposta da Alcaldía que se transcribe deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O art. 20.1 c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local establece que nos municipios de máis de 5.000 habitantes existirán, agás previsión distinta da lexislación autonómica, órganos que teñan por obxecto o estudo, informe ou consulta dos asuntos que han de ser sometidos a decisión do Pleno, así como o seguimento da xestión da Alcaldía, a Xunta de Goberno Local e os/as concelleiros/as que ostenten delegacións, sen prexuízo das competencias de control do Pleno. Sinala o precepto citado que tódolos grupos políticos da Corporación terán dereito a participar neses órganos mediante a presenza de concelleiros/as pertencentes aos mesmos, en proporción ao número de concelleiros/as que teñan no Pleno.

O art. 68.5 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, dispón que as comisións estarán integradas polos membros que designen os grupos políticos que forman parte da Corporación, de conformidade cos criterios do art. 66.2 desa norma, segundo o cal o seu número de membros será proporcional á súa representatividade no concello ou igual para cada grupo, aplicando neste último caso o sistema de voto ponderado.

Pola súa banda, os art. 116 da Lei 7/1985, do 2 de abril, 66 e 67 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, e 127 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, establecen que a Comisión Especial de Contas existirá preceptivamente en tódolos concellos. Esta comisión estará constituída por membros dos distintos grupos políticos da Corporación e a súa constitución, composición e integración e funcionamento axustarase ao establecido na lexislación reguladora da contabilidade das Entidades Locais.

Polo o exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- Constituír as Comisións Informativas permanentes que a seguir se relacionan:

- Promoción económica, emprego e turismo, con atribucións nas materias relativas a promoción económica, emprego e turismo.
- Persoal e facenda, con atribucións nas materias relativas a persoal e facenda.
- Benestar social, muller e sanidade, con atribucións nas materias relativas a benestar social, muller e sanidade.
- Educación, cultura, deporte e xuventude, con atribucións nas materias relativas a educación, cultura, deporte e xuventude.
- Urbanismo, obras, servizos e medio ambiente, con atribucións nas materias relativas a urbanismo, obras, servizos e medio ambiente.

Segundo.- As Comisións Informativas Permanentes asumirán as funcións de estudo e ditame previo de cantos asuntos se sometan á decisión do Pleno e da Xunta de Goberno Local, cando esta exercite competencias delegadas polo Pleno agás no caso de adopción de acordos declarados urxentes, e naqueles asuntos que non sendo de competencia plenaria así o decidan expresamente a Alcaldía ou a Xunta de Goberno Local.

Así mesmo, correspóndelle o seguimento da xestión da Alcaldía, da Xunta de Goberno Local e das Concellerías que ostenten delegacións, sen prexuízo da competencia de control do Pleno.

Terceiro.- As Comisións Informativas estarán presididas pola Sra. alcaldesa ou concelleiro de Compromiso por Galicia (CXG) no que delegue que representará ademais a este grupo político e cadanseu representante dos grupos políticos non integrados no goberno municipal aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 31%; PSdeG-PSOE: 31%, CxG 23% e BNG: 15%.

Cuarto.- A presidencia das Comisións Informativas correspóndelle á Sra. alcaldesa, que poderá delegala en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, logo da correspondente elección efectuada no seu seo.

Quinto.- As Comisións Informativas axustarán o seu funcionamento ao regulado nos art. 123 a 126 e 134 a 138 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, e celebrarán sesión ordinaria na data e hora establecidas pola Sr. alcaldesa, coa mesma periodicidade que as sesións do Pleno. Muros, 3 de xullo de 2015. A alcaldesa, María Xosé Alfonso Torres”

A Sra. alcaldesa cede a quenda de intervencións ao grupo popular.

A Sra. Monteagudo inicia a exposición sinalando que o seu grupo desexa emendar a proposta da Alcaldía e fai entrega no acto da súa proposta que se transcribe deseguido:

“Emenda do Grupo Popular do Concello de Muros á proposta da Alcaldía, Punto 1, Constitución das Comisións Informativas Permanentes

Modificación do punto 3, que quedará redactado como segue:

As comisións informativas estarán presididas pola Sra. alcaldesa, que poderá delegar a presidencia efectiva en calquera membro da Corporación, a proposta da propia comisión, logo da correspondente elección efectuada no seu seo. Estarán integradas por un persoa representante de cada grupo político, aplicándose o sistema de voto ponderado: Grupo Popular 31%, PSdeG-Psoe 31%, CXG 23% e BNG 15%”.

Eliminación do Punto 4

A Sra. alcaldesa cede a quenda ao grupo socialista que non intervén e dispón a votación co seguinte resultado

A favor: 13 (Unanimidade)

ACORDO: Apróbese a constitución das Comisións Informativas Permanentes coa emenda do Grupo Popular.

2.- CONSTITUCIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO CONCELLO DE MUROS

A Sra. alcaldesa toma a palabra para dar lectura á proposta da Alcaldía que se transcribe deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

A Mesa de Contratación configúrase no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado por RD Legislativo 3/2011 de 14 de novembro como o órgano de asistencia ao órgano de contratación nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade.

Pola súa parte, a Disposición Adicional 2ª do citado Real decreto, no seu apartado 10º, regula a composición da Mesa de Contratación nos seguintes termos: “a Mesa de Contratación estará presidida por un membro da Corporación ou un/unha funcionario/a da mesma e formarán parte dela, como vogais, o secretario ou, no seu caso, o titular do órgano que teña atribuída a función de asesoramento xurídico, e o interventor, así como aqueles que se designen polo órgano de contratación entre o persoal funcionario de carreira ou persoal laboral ao servizo da Corporación, ou membros electos da mesma, sen que o seu número, en total, sexa inferior a tres. Actuará como secretario/a un/unha funcionario/a da Corporación.

Nas entidades locais municipais poderán integrarse na Mesa persoal ao servizo das correspondentes Deputacións Provinciais ou Comunidades Autónomas uniprovinciais”.

Polo o exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante o Pleno decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- *Constituír a Mesa de Contratación do Concello de Muros que, con carácter permanente, asumirá as funcións de asistencia aos órganos de contratación municipais nos procedementos abertos, restrinxidos e negociados con publicidade que se tramiten polo concello, así como aquelas outras que lle atribúa a normativa de contratación das Administracións Públicas.*

Segundo.- *A Mesa de Contratación estará integrada polos seguintes membros:*

- *Presidente: a Sra. alcaldesa ou o concelleiro no que delegue.*
- *Vogais: o secretario, o interventor e un/unha concelleiro/a de cada un dos grupos políticos da oposición, a designar polos respectivos voceiros/as en escrito dirixido á Alcaldía.*
- *Secretario: un funcionario da Corporación.*

Muros, 3 de xullo de 2015, a alcaldesa María Xosé Alfonso Torres”

A Sra. alcaldesa cede a quenda de intervencións que o grupo popular non realiza.

A Sra. González propón oralmente a emenda sobre o voto ponderado na Mesa de Contratación.

Votación da emenda

A Sra. alcaldesa dispón a votación co seguinte resultado:

A favor: 11 (3 CxG, 4 PP, 4PSdeG-PSOE)

En contra: 2 (BNG)

ACORDO: Apróbase a constitución da Mesa de Contratación do Concello de Muros.

3.- DESIGNACIÓN DAS PERSOAS REPRESENTANTES DO CONCELLO EN ÓRGANOS COLEXIADOS

A Sra. alcaldesa dá inicio á exposición mediante a lectura da proposta da Alcaldía que se transcribe:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O art. 38 c) do RD 2568/1986, do 28 de novembro, Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais sinala que nos trinta días seguintes á sesión constitutiva, a Alcaldía convocará a sesión ou sesións extraordinarias do Pleno que sexan precisas a fin de resolver, entre outras cuestións, sobre o “nomeamento de representantes da Corporación nos órganos colexiados que sexan da competencia do Pleno”.

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante o Pleno decidirá o que estime pertinente:

Primeiro.- Designar como representantes municipais nos Consellos Escolares dos centros docentes públicos deste concello aos/ás concelleiros/as que se indican:

- CEIP “Ricardo Tobío”: a Sra. alcaldesa
- CEIP “Ramón de Artaza”: José Antonio Uhía Martínez
- IES “Fontexería”: José Antonio Uhía Martínez
- IES “As Ínsuas”: José Manuel Quintela Fernández
- Colexio de educación primaria “Agra de Filqueira”: José Manuel Quintela Fernández
- Escola de educación infantil de Muros: José Antonio Uhía Martínez
- Escola de educación infantil de Tal: a Sra. alcaldesa

Así mesmo, designar como representantes municipais no Consello Escolar Municipal á Sra. alcaldesa e a José Manuel Quintela Fernández

Segundo.- Designar como representantes municipais nas mancomunidades das que forma parte o Concello de Muros aos seguintes:

- Mancomunidad de concellos “Serra do Barbanza”: a Sra. alcaldesa e un vogal de cada un dos grupos políticos municipais.
- Mancomunidad da Auga dos concellos de Carnota e Muros: a Sra. alcaldesa e un vogal pertencente a cada un dos grupos políticos non integrados no goberno municipal.
- Mancomunidad “Xallas- Tines- Tambre”: a) Pleno: a Sra. alcaldesa e dous vogais designados polos grupos políticos non integrados no goberno municipal; b) Xunta de Goberno Local: a Sra. alcaldesa.

Terceiro.- Designar como representantes do Concello de Muros nos órganos colexiados que se indican a continuación aos seguintes:

- Mesa Local de Comercio: a Sra. alcaldesa e D. José Antonio Uhía Martínez
- Rede Galega de Concellos pola Sustentabilidade: D. José Manuel Quintela Fernández
- Rede Galega de Dinamización Lingüística: a) Representante político: A Sra. alcaldesa (suplente: D. José Manuel Quintela.); b) Representante técnico: D^a. Graciela Castro Alvela (suplente: D. David Pastoriza Fernández).

Cuarto.- A designación de vogais dos órganos colexiados polos grupos políticos farase mediante escrito do/a seu/súa voceiro/a dirixido á Alcaldía no prazo de cinco días hábiles a contar desde o seguinte ao de adopción deste acordo.

Muros, 30 de xuño de 2015, a alcaldesa María Xosé Alfonso Torres”

A Sra. alcaldesa cede a quenda de intervencións.

A Sra. González pregunta se no Consello escolar vai existir representación da oposición.

A Sra. alcaldesa respóndelle que si.

A Sra. Monteagudo considera que o/a representante do Consello Escolar debería ser o/a concelleiro/a de Educación.

A Sra. alcaldesa respóndelle que non é viable pola coincidencia de horarios e dispón a votación co seguinte resultado:

A favor: 9 (3 CxG, 4 PSdeG-PSOE, 2 BNG)

Abstencións: 4 PP

ACORDO: Apróbase a designación dos/as representantes do Concello en órganos colexiados.

4.- DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS DO PLENO

A Sra. alcaldesa procede á lectura da proposta que se transcribe deseguido:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

O art. 46.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Pleno celebrará sesión ordinaria como mínimo cada dous meses nos concellos dos municipios dunha poboación entre 5.001 e 20.000 habitantes. No mesmo senso, o art. 210.2 a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia establece que “o Pleno realizará sesión ordinaria, como mínimo, cada dous meses”.

Polo exposto, teño a ben elevar ao Pleno da Corporación, a seguinte proposta de acordo, non obstante decidirá o que estime pertinente:

Que o Pleno do Concello de Muros celebre as súas sesións ordinarias mensualmente, o último xoves de cada mes ás 21:00 horas, e se algún destes días cadra en festivo, trasladaranse á véspera ou ó día seguinte á mesma hora. Nos meses de agosto e decembro non haberá sesións ordinarias do Pleno do Concello.

Que as convocatorias do Pleno do Concello de Muros sexan notificadas aos concelleiros por correo electrónico.

Muros, 3 de xullo de 2015, a alcaldesa María Xosé Alfonso Torres”

A Sra. alcaldesa cede a quenda de intervencións

A Sra. González sinala que na pasada lexislatura o grupo de goberno solicitou que a periodicidade dos pleno fora cada 15 días, polo que entende que por coherencia debería manter esa mesma proposta.

A Sra. alcaldesa respóndelle que durante este mandato vaise facer unha xestión máis transparente polo que non é preciso, xa que a documentación da que vai dispoñer a oposición vaise facilitar dun xeito máis rápido.

A Sra. González sinala que se presentou unha solicitude para dispoñer de local e non se lle concedeu, polo que se estaría a incumprir co sinalado pola alcaldesa.

A Sra. alcaldesa responde que de momento non tivo lugar ningún xunta de goberno e que se está a estudar a súa solicitude, dispón a votación co seguinte resultado.

A favor: 9 (3 CxG, 4 PP, 2 BNG)

En contra: 4 PSdeG-PSOE

ACORDO: Apróbase a periodicidade mensual das sesións plenarias.

5.- APROBACIÓN DO RÉXIME DE RETRIBUCIÓNS DOS MEMBROS DA CORPORACIÓN

A Sra. alcaldesa dá lectura ao punto e sinala que o grupo de goberno desexa que esta cuestión sexa debatida na próxima sesión plenaria.

6.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS.

Dáse conta da constitución dos grupos políticos municipais.

7.- DACIÓN DE CONTA DO NOMEAMENTO DE TENENTES DE ALCALDE, MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL E DAS DELEGACIÓNS CONFERIDAS POLA ALCALDÍA.

Dáse conta do decreto número 471 polo que se nomea tenentes de alcalde, membros da Xunta de Goberno Local e Delegacións.

“DEC476

En Muros, a 6 de xullo do ano dous mil quince, a Sra. alcaldesa do Concello, D^a. María Xosé Alfonso, dicta a seguinte resolución:

De conformidade co que dispoñen os artigos 21.2 e 3 e 23.1, 3 e 4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, 61.2, 62 e 65 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, e 43 e seguintes do Regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais,

RESOLVO:

Primeiro.- Nomear como membros da Xunta de Goberno Local aos concelleiros D. José Manuel Quintela Fernández e D. José Antonio Uhía Martínez.

Segundo.- Nomear tenentes de alcalde aos seguintes concelleiros pola orde que se sinala:

- Primeiro: D. José Manuel Quintela Fernández.
- Segundo: D. José Antonio Uhía Martínez.

Terceiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local o exercicio das seguintes competencias da Alcaldía:

1) Aprobado a oferta de emprego público con suxeición ao orzamento e ao cadro de persoal aprobados polo Pleno da Corporación e ás bases das probas de selección do persoal funcionario e laboral fixo, ás bases para a provisión de postos de traballo, e á distribución das retribucións complementarias que non sexan fixas e periódicas.

2) Aprobado as bases reguladoras das convocatorias, a concesión e a xustificación de subvencións de competencia local.

3) O nomeamento do persoal funcionario e laboral fixo e o exercicio da potestade disciplinaria en materia de persoal, coas limitacións que prevé a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.

4) O desenvolvemento da xestión económica, de conformidade cos orzamentos aprobados e a autorización, disposición e recoñecemento de obrigas de importe superior a 4.000,00 €.

5) Aprobar os padróns e listaxes de contribuíntes dos impostos, taxas e prezos públicos municipais, aprobar as liquidacións dos ingresos de dereito público xestionados mediante Padrón ou lista de contribuíntes e aquelas outras que deriven das resolucións ditadas pola Xunta de Goberno Local, recoñecer as exencións ao imposto sobre vehículos de tracción mecánica, resolver os recursos presentados contra os actos de xestión tributaria e resolver os expedientes de devolución de ingresos indebidos, revogación ou rectificación de erros das liquidacións tributarias que aprobe.

6) Aprobar os proxectos de obras e servizos cun orzamento superior a 4.000,00 €, cando estean previstas nos Orzamentos Xerais, así como aprobar a modificación de tales proxectos cando foron aprobados polo Pleno da Corporación.

7) A contratación de calquera tipo de contrato administrativo, típico ou especial, ou privado que teña un orzamento superior a 4.000,00 €, cando non sexa competencia do Pleno da Corporación.

8) Aprobar os criterios e normas sobre a xestión dos servizos públicos cando no lle correspondan ao Pleno.

9) A xestión do patrimonio municipal, incluída adquisición e o alleamento de toda clase de bens e dereitos por importe superior a 4.000,00 €.

10) O outorgamento das licenzas, autorización de transmisións e declaración de caducidade das licenzas de autotaxi.

11) Aprobar os instrumentos de planeamento que desenvolvan o plan xeral, os instrumentos de xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

12) Outorgar as licenzas urbanísticas de obra maior e de actividade e apertura.

13) Declarar a ruína de inmobles, ditar as ordes de execución de obras e a resolución dos expedientes sobre reposición da legalidade e sancionadores en materia de disciplina urbanística.

14) A resolución dos procedementos sancionadores que se tramiten por infraccións graves ou moi graves ás ordenanzas municipais e, en xeral, ao resto do ordenamento xurídico, agás en materia de tráfico e circulación de vehículos.

A Xunta de Goberno Local celebrará as súas sesións ordinarias cunha periodicidade semanal: todos os venres ás 12:00 horas.

Cuarto.- Efectuar as seguintes delegacións xenéricas, respecto das áreas ou materias que se indican, nos concelleiros que se nomean a continuación:

- Obras e Medio Ambiente: D. José Manuel Quintela Fernández.

- Facenda, Promoción Económica e Deportes: D. José Antonio Uhía Martínez.

As delegacións efectuadas comprenderán as facultades de dirección, organización interna, xestión dos correspondentes servizos e ditar actos administrativos e asinalos."

Non habendo máis asuntos que tratar levantase a sesión sendo as vinte e unha horas e trinta minutos. Dou fe.